

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A CANCELACIÓN DE DOUS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA PARA O SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2025/2026 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA.

Rematado o prazo de matrícula nos Obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra, esta Reitoría,

RESOLVE:

Primeiro: Cancelar as solicitudes de obradoiros de extensión universitaria que abaixo se indican presentadas para o campus de Pontevedra polo seu elevado baixo número de matrículas:

- 1 Formación docente para a inclusión: A Aprendizaxe -Servizo como Metodoloxía Transformadora. 1 inscrición e 19 prazas vacantes.**
- 2 Mellora da convivencia no deporte base. Ningunha inscrición, e 15 prazas vacantes.**

Segundo: proceder á publicación desta resolución no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra na data da sinatura electrónica O reitor
Por delegación (R.R. do 30/05/2024, D.O.G. do 10 de xuño)

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro

